



Nada en Missouri e logo trasladada a St. Louis, onde continúa residindo, a consagrada poeta estadounidense **Mary Jo Bang** é autora de oito poemarios. Tras unha Licenciatura mais un Mestrado en Socioloxía cursados na Northwestern University, licenciouse en Fotografía pola Politécnica de Londres e fixo un Mestrado en Belas Artes na especialidade de Escrita Poética pola Universidade de Columbia (Nova York). Na actualidade ensina Escrita Creativa na Universidade de Washington en St. Louis.

A súa carreira literaria comezou en 1977 coa publicación do libro *Apology for Want*, que recibiu o Premio Bakelees Nason. A lista de recoñecementos completárase nas seguintes décadas co Premio Hodder da Universidade de Princeton ou o National Books Critics Circle Award entre outros, ademais de prestixiosas bolsas como a Bolsa Guggenheim ou o Premio Berlín en Residencia na Academia Americana da capital alemá.

Ademais de publicar ela mesma unha tradución do *Inferno* de Dante en 2012, a súa propia obra vertida ao castelán inclúe títulos como *Elegía* (Madrid, 2010), *El Claroscuro del Pingüino* (Barcelona, 2013), *Teoría de la catástrofe* (Buenos Aires, 2016) e *una muñeca para tirar*, acabado de publicar por Kriller 71 Ediciones en Barcelona.

EU, UNHA CRÓNICA

Formas que comezan apenas coma unha solución a un problema común poden acabar por se converter nun método inflexible. Por exemplo as casas. Unha vez que se establece un xeito de distribuír as paredes é difícil imaxinar outro. Outro exemplo pode ser a locomoción, o método e os medios de transporte circular dun sitio a outro. Dende moi cedo sentínme atraída pola idea doutras formas de ver, especialmente a fotografía. Botando a vista atrás, véxome entrando no salón. Vexo o meu pai cruzando a habitación para abrir ou pechar unha xanela. A miña nai e o seu zigzagueante patrón de estabilidade. A miña irmá, a imaxe da perfecta nena do novo século. O meu irmán, o auto-control do novo século. Chegado un punto, a idea de rebelión converteuse nunha convicción unificada. Marchei. Das imaxinado o impacto? Quen non sentiu que, para poder respirar, ten que se separar do seu primeiro eu e deixalo atrás? Eu construí un segundo eu. Eu fotografeime coma se fose un edificio.

←
(MARY
JO BANG)

Luns **13** de maio
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2019



  CORUÑA
PRÓXIMA

Pilar Pallarés



Nada en Culleredo e residente na Coruña, **Pilar Pallarés** licenciouse en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e foi profesora de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio até o ano 2016.

Mantén en paralelo unha traxectoria coma ensaísta e estudosa da literatura galega, sendo algúns dos seus focos de interese a obra de Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Manuel María ou Ricardo Carvalho Calero, de quen editou unha escolma poética en 1992 e outra nova que se encontra en preparación.

Como poeta deuse a coñecer nos anos oitenta da man do colectivo “De amor e desamor” e publicando *Entre lusco e fusco* (1980) e *Sétima Soidade* (1984), que fora Premio Esquío. Xa en 1996, o *Livro das devoracións* acadou os premios da Crítica Galega e da Crítica Española. Seguiríalle *Leopardo son* en 2011 e, no pasado ano 2018, *Témpo fósil* conseguiríalle o segundo Premio da Crítica Española da súa demorada e aclamadísima carreira. Títulos traducidos ao castelán e o inglés completan a bibliografía da que constitúe un dos nomes máis importantes da poesía galega contemporánea.

*Da ruína da razón nace a palabra
que busca regresar, romper o cerco:
o pexegueiro, o dafne,
o loureiro común, unha roseira brava,
o camelio, o romeu,
a pedra de alicerzar que foi asento,
os carreiros de xabre,
o incendio da memoria
mentres se parte o esternón da casa.*

←
**(PILAR
PALLARÉS)**

Luns **13** de maio
20:30

ÁGORA
www.centroagora.es

**POETAS
DI(n)VERSOS** 2019

Mary Jo Bang

 CORUÑA
PRÓXIMA